

A princesiña que quería casar

38

Era polas vésperas de San Xohán. Do castelo veu o anano na súa mula, que tiña moito aquel vir o homiño nunha mula meiresa de gran porte, e de andar tan solaz e bandeado coma unha preñada primeiriza. Veu o anano, digo, e traguía unha carta con bula colgada dunha cinta verde pra mi amo Merlín, e sempre que viña o anano dos condes a Miranda, rubía a facerlle o paripé a dona Xenebra, i a falarlle das condesiñas, e do cadelo pitís que tiña madama a condesa, i a quen o señor Merlín, por facer unha gracia, ensiñara a asubiar unha alborada.

meiresa
solaz
bula
alborada

Tamén falaban, que era moi mariqueiro o tal anano, das modas de París, e das cintas que lles viñeran ás señoritas de Venecia, e dun perfume novo que lle chamaban «auga franchipana», e do baile agarrado e das vodas que se facían na grandeza. Dona Xenebra convidaba ao anano con merengada, e iste, se non traguía moita présa, cantaba unha habanera que sabía e que moito lle gustaba á señora. I o que máis me amolaba do anano era aquel áer de señorío que se traguía coa xente, coma se il non fora paxe a soldada, i aínda tiña eu que termarlle da mula (...)

merengada
 habanera
 amolar
 termar

I o que máis me amolaba do anano era aquel áer de señorío que se traguía coa xente, coma se il non fora paxe a soldada, i aínda tiña eu que termarlle da mula, i unha vez que traguía posto sombreiro de palla moi bonito, eso si, cunha grande lazada de tul rosa, tiven eu que poñerllo, como se pon a mitra a un bispo, e pra máis partirlle ben a lazada, cuxas puntas lle caían deica a cintura... Trouxo a carta o anano, visitou a dona Xenebra, e volveuse ao castelo no curuto da súa mula, fachendosa coma il. Mi amo quedou caviloso coas noticias da carta, e mandou chamar a Marcelina e díxolle de aparellar na sala do mirador unha cama coa millor roupa.

soldada
tul
mitra
fachendoso

–Paréceme por tanto adobío, díxome Marcelina, que temos visita dalgunha marquesa, ou quizabes seña a dona infanta de Irlanda, que din os papés perde cada día o ben da vista. Tamén podería ser unha sobriña do deán de Truro, que diz que se lle volveu unha man de prata. Se fora esta que digo díxome dándome unha cachetadiña no papo, estarías de gusto, que istas damiselas de Truro todas se namoran de paxes, i a elas non lles está máis sementar bicos. ¡Que dirían de min se eu fixera outro tanto!

adobío
deán
cachetadiña
sementar

El foi que eu pasei aqués días atente á visita, i a min mesmo me poñía colorado matinando que fose a sobriña do deán e que me trouxera o galano dun bico. E foi de sorte que chegou a visita cando eu estaba co meu chaquetón de ribetes, coa pucha nova cunha pruma de faisán no corno, i os zapatós limpos, que viña da igrexa de Quintás de levarlle ao señor cura un gasallo de troitas que pescara Xosé do Cairo nos muíños vellos do Pontigo. Chamaron na portalada, saín correndo do forno, que lle estaba dando unha merenda de moscas ao escornaboi, e fun abrir a porta (...)

matinar
galano
ribete
gasallo

Chamaron na portalada, saín correndo do forno, que lle estaba dando unha merenda de moscas ao escornaboi, e fun abrir a porta, e topeime cun cabaleiro todo de negro vestido, de levita e chistera i unha cadea de ouro ao pescozo, que tiña das rendas un cabalo ruán no que viña montada unha señora que traguía a cara cuberta por un veo branco e moi mesto, tamén de negro vestida, agás as luvas brancas, i en cada unha un caravel vermello bordado. Era pola tardiña, e na sombra da portalada non se lle vía a cara a aquel señor, o de meirande guinda que eu vira nunca.

levita
rendas
ruán
guinda

—¡Agárdanos teu amo!, díxome o cabaleiro con voz seca e de moito mando.

Eu quitei a pucha, fixen a miña cortesía, e cando entraban ao patín, xa estaban na porta da casa o señor Merlín e dona Xenebra, i aínda que non era noite, que son moi longos os seráns do verán en Miranda, Xosé do Cairo estaba ao meu carón co farol de prata aceso, levantado á outura da súa cabeza. O cabaleiro e don Merín abrazáronse, e tamén a señora do veo e dona Xenebra, e mi amo bicoulle a luva á descoñecida i o cabaleiro o mitón á miña ama. I os catro guiados por Xosé rubiron ao salón (...)

pucha
cortesía
patín
serán

O cabaleiro e don Merín abrazáronse, e tamén a señora do veo e dona Xenebra, e mi amo bicoulle a luva á descoñecida i o cabaleiro o mitón á miña ama. I os catro guiados por Xosé rubiron ao salón, i eu, namentres metía o cabalo na cuadra, e viña ben suado e famento, non facía máis que inventar un retrato que se parecese, i aínda máis fermosa ela, á dona que nos viñera por portas. Pro aquel día non me tocaba mirala, que me chamou don Merlín e díxome de estar na portalada, que viña un criado cunha valixa i unha gaiola de vimio, a gaiola metela na cámara do forno, i ao criado despedilo, que iba apousentarse no castelo de Belvís.

veo
valixa
gaiola
vimio

Estiven na portalada hastra máis das dez da noite, i ao fin chegou o criado coa valixa i a gaiola, e cadrou que me era coñecido, dunha vez que fun á feira a Meira, polos grandes bigotes roxos que tiña. Díxenllo, e il, moi segredo, aconselloume que calara, que aquela historia era moi vella e non conviña que ninguén soubese que el andara denantes polo país. Calei, pro se viña ben, xa llo diría a mi amo. Rubín a valixa á sala do mirador, e pareime un chisco a escoitar no corredor o que se falaba na sala, e soio ouvín a voz de mi ama dona Xenebra que contaba unha historia de don Parsifal, que xa lla tiña ouvido moitas veces. (...)

portalada
feira
denantes
chisco

A gaiola púxena na cámara de respeto, como me mandara mi amo, i era unha gaiola moi feita, de vimio pintado de azul e branco, e ben cabería eu nela, e nunha parte tiña unha almofadiña de terciopelo. Ceei na cociña coa señora Marcelina i as mozas, que tamén estaban curiosas i apostaban entre elas se a dama velada era nova ou vella.

—A voz, dixo a señora Marcelina, tena de nena, i os andares polidos.

Roendo unha castaña maiola funme prá miña camareta, e non tiña sono i el púxenme a contar pombas hastra que adormecín. Pouco levaría durmindo cando veu chamarme miamo Don Merlín (...)

almofadiña
velada
polidos
maiola

Pouco levaría durmido cando veu chamarme mi amo don Merlín, e díxome que moi caladamente baixara ao forno, que me precisaba. Baixei coas zocas chinelas na man por non ser sentido, i estaba baleira, que había nela unha coma corza ou cervatiña deitada, coa cabeza pousada na almofada, i o que pasmaba eran os ollos azúes que tiña, e como tristemente te miraba. Mandoume mi amo que trouxera un bico de leite nunha taza, e se a había callada na calleira, millor. Trouxen o leite, e deullo o señor Merlín a culleradas ao animalíño aquel, i eu namentres metín a man por entre os vimios i aloumiñeina (...)

zoca
chinela
corza
calleira

Trouxen o leite, e deullo o señor Merlín a culleradas ao animalíño aquel, i eu namentres metín a man por entre os vimios i aloumiñeina, e il facía un ronco agradecido, coma os cas vellos cando os amansan. Botou mi amo unha manta derriba da gaiola, e sentouse no sillón de veludo a ler nun libro que nunca lle vira, en cada páxina un animal pintado e con cores tan ao vivo que namoraba miralos. Tívenlle a palmatoria máis dunha hora, e cando pechou o libro díxome:

–Felipe, mañá vas ter que botarme unha man. Non teñas medo, i a ninguén digas que viches a cervatiña na gaiola, e se ti mañá non a atopas cando baixes, non pergundes.

vimio
aloumiñar
ronco
palmatoria

Coidei que debía dicirlle a mi amo o do criado dos bigotes roxos, i o señor Merlín preguntoume moi serio se estaba seguro, e díxenlle que si, que aínda o bigotes comera o pulpo a carón de nós, e pagara con un peso, i a pulpeira, que era a señora Benita de Sarria, rifou con il, que o peso era sevillano.

—Parez, rapaz, que sempre hai un demo no país que se parece a outro. Agora vaite deitar.

San Xohán é moi fermoso en Miranda. Hai cerdeiras en tódolos valados, i as brancas que había na nosa horta tiñan un azucre acanelado que daba groria.

rifar
cerdeira
valado
acanelado

Baixei cedo facer a limpeza, que non acougaba con tanto misterio, aínda estando afeito naquela casa a tantas visitas profanas, i o primeiro foi mirar na gaiola, que estaba baleira. Espilín a almofada, que tiña o sinal, aínda morno, de ter durmido alí a cabeza da cervatiña, varrín as cámaras, deille de comer ao cabalo ruanés do cabaleiro da chistera, boteille moscas ao escornaboi que pillei na cuadra, quiteille o pó ao espello i ao sillón de veludo, e púxenlle unha vela nova á palmatoria, e mais botei rapé na caixiña de cuncha de onde mi amo, de cada e cando, con dous dedos, collía un chisco e sorbía polo nariz. (...)

acougar
profana
espilir
ruanés

Era o meu trafego de cada día, denantes do almorzo, que en tempo de cereixas era de cereixas e pan trigo. Cuspía eu moi ben as caguñas, cáseque coma un tirabalas as fabas de estopa, e andáballe ensiñando a cuspias a Manoeliña de Calros: podía tocarlle así a cariña colorada e mais os beizos, i ela ben sabía que tanto como ensiñarlle a cuspir caguñas gostábame acariñala.

Pro aquela mañá non houbo escola, que me chamou mi amo dende o balcón e díxome que atara os cas no alpendre coas cadeas, e que alcendera o forno con toxo e non me movera nin pra mollar os vasallos. (...)

caguña
tirabalas
alpendre
vasallos

Estaba sentado cabo do forno, poñendo, coa miña navalliña un F en cada zoca, cando entrou o señor Merlín co cabaleiro, que axiña souben se chamaba don Silvestre i era alcalde dunha vila de Francia que se chama Burdeos, e titor da dama descoñecida. Díxome isto meu señor Merlín, i a seguido díxolle a don Silvestre que eu era Felipe, o seu paxe de pasamán moi apreciado. Don Silvestre acenoume coa testa i era home moi serio, afeitado coma un crego, e gastaba anteollos de aramio de ouro, os vidros moi grosos, tralos que se vían brilar unhas luces alongadas, tal que se pensaba que en veces de santiñas tiña coitelos no fondal dos ollos. E de talla, xa dixen que non vira outro.

cabo do forno
 paxe de pasamán
 santiñas
 fondal

—Ista señora, Felipe, que veu con don Silvestre é dunha grande caste da provincia que chaman Aquitania, que está deitada asegún se entra polas portas de Francia, e quería-se casar tal princesiña cun mozo do país tamén de sangue probado, pro cando iban celebrarse as vodas, viñéronlle primeiro unhas manchas negras pola cara, e moitas trasuores, e medrábanlle as orellas e saíulle pelo por todo o corpo, e despois trocouse na cervatiña que viches na gaiola de vimio, e nisto estivo nove semanas, i agora polo día é muller, agás o pelo que a cobre, e de noite ás vegadas vólvese aínda cerva, o mesmo que antes.

sangue probado
trasuores
trocarase
ás vegadas

–(..) I eu vou agora poñer por obra un desengado de moito mérito, e conto contigo, e xa che dixen que non teñas medo.

Eu dixen que si, moi ufano de tanta confianza, namentres calzaba as zoquiñas, e xa me puña a pensar que con dous torneses podería mercar en Lugo unha pabela con lazada coma a do anano de Belvís, e un reloxo de prata con cebola de ouro pra lle dar corda, como tiña Xosé do Cairo. Don Silvestre dixo que iba velar a dona Simona, que eisi se chamaba a damisela enmeigada, i eu quedei con mi amo, ben pechadas as portas, facendo os capiteis do engado.

desengado
ufano
tornés
velar

Foi o primeiro que amasou mi amo fariña de trigo e fixo unha rosca, que no medio levaba en dúas tiras de masa unha cruz, e cocémola, i o segundo capitel foi facer nun cepo lobeiro o reforzo dun fío, que tiña máis de dez varas de longo e no outro cabo atoulle don Merlín un sino de prata, que pintou con tinta vermella catro cruces.

—Cando me vexas facer tantas cruces nunha arte, díxome o señor Merlín, cata que anda o demo polo medio.

Coido que non comín aquel día de tan vagante e temeroso que andaba, i a señora Marcelina quería-me sonsacar, i eu calado, ou sacaba outra verba.

cepo lobeiro
sino de prata
vagante
verba

I en limpar o forno, soltar unha hora os cas na bouza por culpa dun golpe que nos viña ás galiñas, e botarlle un canterlo a unha zoca, pasei o serán, i houbo de merenda fresces con ovos, i en anoitecendo, como tiña mandado, funme apresentar a don Merlín, que estaba vestido de cazador.

—O engado que ten dona Simona, dixo mi amo, é dos que se fan na noite de San Xohán, e somentes duran un ano; son meigallos cativos case que sempre postos por demos fornicadores. O demo que a enmeigou ha volver ista noite, que é tan sonada no mundo, i eu teño todo posto pra cazalo na súa obra i axotalo pola fraga abaixo.

bouza
golpe
canterlo
frezes

O demo que a enmeigou ha volver ista noite, que é tan sonada no mundo, i eu teño todo posto pra cazalo na súa obra i axotalo pola fraga abaixo.

—¿E non o poderíamos matar?, perguntei eu, tirando de valente.

—Tando dá, que deica a fin do mundo, o número de demos ha ser sempre o mesmo.

I eran as once dadas da noite de San Xohán cando saímos da casa mi amo i eu, levando servidor dunha cordiña a dona Simona convertida en cervá. Xa dixen que graciosos e mollados ollos azúes tiña.

enmeigou
sonada
axotar
fraga

Tomou o señor Merlín o camiño da fonte do Couso sen dicir palabra, i en chegando á fonte púxolle unha solta trenzada a dona Simona e mandoume ceibala onda o cómaro, i ela púxose moi mansiña a bicar nas herbas, talmente coma se pacese. Había unha lúa grande, e tan acesa que cáseque non deixaba ver a manchea das estrelas, i a fonte do Couso cantaba a súa iauga fresca, que caía daquel outo cano, tan posto na boca do anxo que entre as mans ten un letreiro que di: «Soi de Belvís». Sempre hai esperteiros na fonte, pro aquela noite non voaban.

ceibar
cómaro
manchea
esperteiro

Eisí estivemos cáseque unha hora, nós sentados a carón da fonte e dona Simona pacendo no cómaro, e nun pronto algo debeu de ouvir mi amo que mandou que fose coller a cerva i a alindase rentes dos mazaeiros do igrexario, que están alí mesmo, i eisí o fixen, e cando cheguei aos mazaeiros vin no chan, entre a herba, a rosca de pan trigo coa cruz, pro non lle toquei, que tiña defendido de tocar ou dicir nada dos capiteis do desengado. Dona Simona non acoubaba, quizabes pola falta de costume da solta, e todo era arrimarse a min, e latía contra a miña perna o seu corazón desalado. (...)

alindar
rentes
ter defendido
acoubar

I entón eu vin chegar por entre os mazaeiros a don Silvestre, e sen mirarnos foise a onde estaba a rosca coa cruz, i aínda parecía máis outo ao luar, e metía medo aquela contrafigura que facía, e comezou coma tolo a quebrar ponlas dos mazaeiros i a botalas por derriba da rosca da cruz, hastra que a tapou, i entou mirou pra nós, e xa non tiña os anteollos i el era o mirar do lobo na noite. Dona Simona xa non era unha cerva, que era unha nena que choraba coas mans atadas pola solta trenzada, i arrimábase a min. Pro don Silvestre non puido dar un paso, que meteu o pé esquerdo no cepo, e cantou deseguida o sino de prata, (...)

mazaeiro
luar
contrafigura
solta trenzada

Pro don Silvestre non puido dar un paso, que meteu o pé esquerdo no cepo, e cantou deseguida o sino de prata, e mi amo berrou non sei que latín, i eu corrín con dona Simona ao seu amparo, i esvaramos ao chegar á fonte, caímos no lameiro, i eu priveime... Espertei no meu catre, i o señor Merlín estaba sentado na hucha a meu carón, e sorríame.

—Aquel meu amigo, era o demo, i estou contente de ti. Dona Simona vai libre do meigallo en Belvís, i o señor conde marcha mañá con ela pra Francia, onde ha casar ao seu lecer. Sinto que non viras a don Silvestre que non era tal don Silvestre senón o demo que chaman Croizás (...)

esvarar
priveime
lameiro
meigallo

—(...) Sinto que non viras a don Silvestre que non era tal don Silvestre senón o demo que chaman Croizás, convertido nun fachico de palla ardendo, fuxir polo camiño de Quintás. Tódolos cas de Esmelle ladraron ben unha hora. E saberás que aquel bigotes que coñeciche en Meira era o espolique do demo Croizás, e foi quen prendeu nun sobrado ao don Silvestre verdadeiro, pra que o demo poidera enmeigar de segundas i últimas a dona Simona. Croizás vai cambiar de pel no inferno, i o bigotes, que lle chaman Tadeo e foi xastre en Toledo, ise tamén o levan a Francia, onde fixo unha morte, e xa o está agardando o verdugo de El Rei na vila de Pons, que é unha vila moi guapa, e onde hai moi bos viños.

fachico
espolique
sobrado
enmeigar

Como eu calara, e coma se don Merlín vise o que me andaba por de drento, díxome e con moita amizade na voz:

—No que toca a dona Simona, deixouche moitas memorias e iste pano bordado e media onza de ouro, e quería limparche o chaquetón de ribetes, pro eu díxenlle que había que deixar secar antes o barro. Pasou a súa man dereita polo teu pelo, e dixo sorrindo: «¡Chégalle a lama eiquí!» I agora durme outro pouco, hastra que te chamen prá misa, i has saber que ista noite foche bautizado de segundas, que ás doce de San Xohán, cada sete anos, tódalas fontes do mundo botan por un instante auga do río Xordán, coa que San Xohán Bautista bautizou a Noso Señor.

s

drento
 memorias
 onza de ouro
 lama

—(...) i has saber que ista noite foche bautizado de segundas, que ás doce de San Xohán, cada sete anos, tódalas fontes do mundo botan por un instante auga do río Xordán, coa que San Xohán Bautista bautizou a Noso Señor.

Sorriume outra vez, e denantes de saír do camarote mirou o meu chaquetón de ribetes todo cheo de lama, colgado onda o ventano pra que sequese, e con aquel áer amigo que poñía, e que eu sei que lle viña do seu saber do corazón das xentes, e mais dos soños e soedades que cada quisque leva na alxibeira do seu espírito, lémbrome que me dixo:

—¡Moi galán te puxeche pra ir ao desengado! I a pucha nova atopeicha no lameiro, pro terás que poñerlle outra pruma.

ribetes
sequese
alxibeira
desengado